

Consellos de utilización



A túa instalación nas mans de profesionais

Só unha empresa instaladora autorizada pode facer ou modificar unha instalación de gas.

Ante calquera anomalía nos aparatos ou na instalación, avisa o servizo técnico da empresa fabricante do aparato ou unha empresa instaladora autorizada para corrixila o antes posible.



Mantén unha ventilación axeitada

As reixas de ventilación deben estar en perfectas condicións. Non as obstrúas en ningún caso.

Se instalas vidros na terraza ou no tendal, non esquezas abrir as reixas de ventilación.

O tubo de saída dos gases é fundamental para o bo funcionamento dos aparatos. Fai que cho instale un especialista, seguindo a normativa.



Mantén a instalación ao día

Segundo a normativa vixente, a persoa usuaria está obrigada a realizar o mantemento da instalación e os aparatos de gas, e a facer un bo uso deles.

A compañía distribuidora debe facer unha inspección periódica das instalacións e é importante que lles facilites o acceso para poder realizala.



Presta atención á túa instalación

O bo estado da chama (estable e azul) demostra unha boa combustión. Evita que se apaguen os fogóns mentres cocinas.

Se o fume da chama tigna as cazolas, avisa o servizo técnico da empresa fabricante do aparato, pois é sinal dunha combustión deficiente.

Vixía o estado dos tubos flexibles dos aparatos e instala sempre tubos de alta seguridade que cumpran coa normativa vixente.



En ausencias prolongadas

Pecha a chave de paso do gas da túa vivenda.

Como actuar se ule a gas?



Abre portas e ventás para que o local quede ben ventilado.



Pecha os mandos dos aparatos de gas e a chave xeral de paso.



Non acciones interruptores nin aparatos eléctricos.



Chama ao noso teléfono de urxencias* (900 750 750) e acudiremos rapidamente a inspeccionar a túa instalación.

*Este teléfono é de uso exclusivo para urxencias. Por favor, non satures esta liña.



Non acendas mistos nin chisqueiros, e non fumes.



Non volvas abrir a chave de paso ata que a instalación ou o aparato avariado estean reparados.